



Luz verde ao orzamento de 2022, que pode ser o máis investidor da historia

O Pleno de Boqueixón aprobou os orzamentos de 2022 na súa sesión ordinaria de xaneiro. As contas saíron adiante cos votos a favor do grupo de Goberno e ascenden a 3.580.131,12 euros, equilibrados en gastos e ingresos.

O concelleiro de Economía e Facenda, José Manuel Iglesias, resumiu os principais puntos dunhas contas garantistas e reais, cun capítulo de inversións aberto e que de momento só inclúe os 31.979 euros correspondentes á achega municipal para un proxecto de **mellora da estrada Moa-A Pena**, que ascende a 160.000 €. “Nin sequera recollemos os 198.000 euros do POS+ 2022 xa que son proxectos finalistas e non serán aprobados ata principios do mes de febreiro”, indicou.

Inversións no 2022

Porén, o voceiro do Grupo de Goberno sinalou que “as inversións que se van facer no 2022 poden superar os 5 millóns de euros, o que os converterían nun dos orzamentos máis inversores da historia do Concello ou, cando menos, dos últimos anos”. Neste sentido, Iglesias informou da próxima formalización dun convenio coa Consellería de Medio Ambiente por 120.000 euros para a **mellora da praza pública de Loureda e do campo da festa da Granxa**.



A partida para atención social medra ata os 550.000 euros

Así mesmo, o Concello de Boqueixón presentou un proxecto no IDAE (Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía) por valor de 4,6 millóns de euros, dos que a administración local tería que achegar 703.000 euros, para completar o **cambio a LED de todas as luminarias** pendentes no municipio e a **construción de máis de 17 quilómetros de sendas peonís**. “Entendemos que a nosa solicitude vai ser atendida polo IDAE”, admite José Manuel Iglesias, quen sinala que “non quixemos poñer o carro antes dos bois pero hai moitas posibilidades de que nos dean esta subvención”.

Os orzamentos de 2022 recollen tamén 40.000 euros para a tramitación do novo PXOM, cuxo borrador xa foi presentado na Xunta de Galicia. Nestes momentos, o Concello de Boqueixón está en conversas coa Consellería de Medio Ambiente para o volcado dos datos que

permita a elaboración dunha nova cartografía.

Finalmente, o alcalde, Manuel Fernández Munín, informou ao Pleno dos avances nas xestións para a **creación dun centro de día** compartido entre Boqueixón e Vedra. “Déronse pasos importantes xa que a día de hoxe temos un borrador de proxecto que ascende a 2,5 millóns de euros e estamos á espera de articular a súa financiación”, indicou o alcalde boqueixanés.

Aposta social

Dende a oposición xustificaron o seu voto en contra ao considerar que se trata dunhas “contas continuistas” e volveron instar ao Goberno local a incorporar máis partidas de apoio á poboación prexudicada pola pandemia da Covid-19.

Porén, Iglesias destacou o **incremento da partida destinada a atención social, que medra ata os 550.000 euros**; os máis de 21.000

O Martes de Entroido será festivo local

O Concello de Boqueixón lembra que o 1 de marzo, Martes de Entroido, será festivo local no municipio.

Sobre as actividades do Entroido 2022 e da Festa da Filloa, condicionadas un ano máis pola pandemia da Covid-19, dicir que haberá segunda edición do concurso fotográfico “Filloarte”. Do resto de actividades iremos informando a través da web e das Redes Sociais.

euros destinados a fondos de continxencia; os 12.800 euros para o programa contra a violencia de xénero; os 9.000 euros para o plan de igualdade entre homes e mulleres; os 8.000 euros en axudas para o fomento da natalidade; ou o aumento de 12.000 a 16.000 euros nas axudas a actividades do tecido asociativo boqueixanés.

Finalmente, os orzamentos 2022 manteñen as mesmas cifras na previsión de ingresos por impostos directos e indirectos cos de 2021, e **non contemplan incrementos nas taxas municipais**, se ben están previstos maiores ingresos derivados da normalización da realización de actividades culturais ao longo do ano.

A web municipal recolle unha escolma das principais axudas abertas á veciñanza

A páxina web municipal (www.boqueixon.gal) está a recoller información puntual de todas as convocatorias de axudas abertas polas distintas administracións e ás que poden acceder veciños e veciñas de Boqueixón, tanto a título individual como en asociacións e clubs. Entre outras axudas podemos atopar as da Rede Cultural da Deputación da Coruña, as axudas da Xunta a particulares para mellorar a imaxe exterior das súas vivendas, achegas autonómicas para medidas de protección integral contra a violencia de xénero, axudas de Deporte Galego para clubs deportivo e sociedades anónimas deportivas, subvencións para evitar os cortes de subministro eléctrico a persoas vulnerables en risco de exclusión ou axudas a asociacións de veciños e mulleres rurais, entre outras.



Boqueixón reduce a produción de lixo e aumenta a reciclaxe

A veciñanza de Boqueixón reduciu nun 3,6% a produción de todo tipo de lixo e incrementaron nun 17% a reciclaxe dos residuos durante 2021. Son datos ofrecidos polo presidente de Sogama, Javier Domínguez, nunha reunión en Boqueixón co alcalde, Manuel Fernández Munín.

“Estanse facendo ben as cousas en Boqueixón”, asegurou o presidente de Sogama, quen aproveitou para anunciar que esta entidade rebaixará este ano o canon que aplica aos concellos adscritos ao seu sistema ata nun 21%, unha medida que se traducirá

nun importante aforro para os galegos, cuantificado en máis de 11 millóns de euros. Boqueixón será un deses municipios.

Fernández Munín agradeceu a visita, “pois tomámola como un recoñecemento ás campañas de concienciación que estamos desenvolvendo”, e agradeceu “aos veciños e veciñas de Boqueixón a súa boa resposta á hora de reducir, reutilizar e reciclar o lixo, co que axudan a conservar o noso medio natural e aforran uns cartos a este Concello que poden ser investidos na mellora doutros servizos.

A veciñanza pode depositar de balde no punto limpo restos de obras

Diante da aparición de varios vertidos de escombros en lugares públicos do municipio, dende o Concello de Boqueixón facemos un chamamento ao civismo e lembramos que todos os veciños e veciñas teñen á súa disposición un punto limpo onde depositar estes refugalllos de forma gratuíta. O punto limpo, situado no polígono industrial de Sergude, está aberto os mércores (de 16:00 a 20:00 horas) e os sábados (de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas).



O Concello de Boqueixón convida á mocidade do municipio a participar como voluntario/a xuvenil. Se tes entre 16 e 30 anos podes tomar parte nas diferentes áreas nas que se desenvolverán

Voluntariado xuvenil 2022

as accións voluntarias: dinamización sociocultural, accións medioambientais, apoio escolar, acompañamento de persoas maiores, recuperación patrimonial...

As persoas voluntarias terán formación, seguro de accidentes e responsabilidade civil, ademais de ter cubertos os gastos de desprazamento e manuten-

ción. Se estás interesado/a e queres recibir máis información ou inscribirte, só tes que dirixirte á Oficina Municipal de Información Xuvenil (981 513 061) ou omixboqueixon@gmail.com. Prazas limitadas.

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servizos Sociais / CIM: 981 51 30 06

O Concello de Boqueixón investirá case 700.000 euros en melloras de estradas

O Concello de Boqueixón vén de licitar ou está en proceso de licitación de obras por un importe de 692.939,80 euros, que se agarda executar nos vindeiros meses. Un total de 43 actuacións que se levarán a cabo en todas as parroquias do municipio.

Así, na Granxa mellorase o firme do viario de Reboredo a Carballón e un atallo en Ardilleiro. En Boqueixón actuarase sobre a pista do Campo de Fútbol e nunha pista en Orto. E en Lamas realizarase unha importante mellora no Casal.

Catro son as obras incluídas en Codeso: mellora do interior de Casaldesuso, a pista de Casaldesuso á Escola, á da Escola ata Agra de Campo e a vía entre a AC-240 e a Igrexa de San Paio. En Gastrar asfaltárase ata os invernadeiros, aglo-



PONTE DE QUIÁN. As obras da nova ponte de Quián están case finalizadas, a falta da instalación das barandas de protección.

merarase o Campo da Festa, pavimentarase o interior de Vilaboa e melloranse as pistas do cruce de Melón a Gastrar, de Xiadás a Regengo e da AC-960 no Forte a Vilaboa.

En Ledesma cimentarase a cuneta na ponte a Abeleira e a pista de Monte á Igrexa de Ledesma. En Les-

tedo, mellorase o firme a pista ata a rúa Agronovo, a pista dende Castro a Vila, dunha pista en Troitomil, do viario de Ramil a Pazos e do cruce Manuel Fuente á N-525, e acondicionaranse os interiores de Pazos.

As obras previstas en Loureda inclúen a mellora dos accesos a Lamparte, do

interior na Pena e do viario da Conexeira á Praza da Pena. As pistas nas que se actuará no Oural parte do cruce de Castro a Noente, ao cruce de Fonte Branca, a Devesa e a Camporrapado, así como a pista de Rebordeos á pista da Bendaña.

En Pousada, mellorase o firme do viario de Loureiro a Corna e de Pedrouzo á igrexa de Pousada. Tamén se mellorará o viario de Sucira a Frenza (Sucira) e os interiores de Carabán e Santabaia (Vigo). Finalmente, en Sergude mellorase o firme dun viario en Eirexe, dunha pista no Codosal, do viario da pista de Vilar, do camiño de Noelle a Mareque e da Carballeira de Rodriño a Alta de Outeiro. Así mesmo, melloraranse ambas vías de servizo na N-525 en Deseiro-Gándara fronte ao albergue.

O Concello participa na campaña “Europa no teu Concello”

Boqueixón participa na campaña “Europa no teu Concello”, unha iniciativa que pretende achegar publicacións e materiais sobre as principais iniciativas europeas de xuventude aos mozos e mozas do municipio.

A Oficina de Información Xuvenil (OMIX) de Boqueixón instalou un punto informativo na biblioteca. Os mozos/as que se acheguen atoparán tamén materiais informativos sobre o Club UE, as Redes de Información Europea en Galicia e



sobre Europe Direct A Coruña, un centro oficial de información da Comisión Europea que é o responsable do lanzamento da iniciativa “Europa no teu Concello”.



Novos equipos para preservar o noso medio ambiente

O vicepresidente primeiro da Xunta, Alfonso Rueda, acompañado dos alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández, e Vedra, Carlos Martínez, supervisou o equipo

adquirido por ambos municipios para a protección e a conservación conxunta do medio ambiente, ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental.

O pavillón do Forte acollerá o I Torneo Interclub de Judo

A Escola de Judo e o Concello de Boqueixón organizan o I Torneo Interclub de Judo, que terá lugar o sábado 5 de marzo no pavillón municipal do Forte. Nel participarán clubs de Vedra, Rois, Bertamiráns, Milladoiro, Teo e Santiago.

O Concello leva anos apostando por este deporte, cunha importante vertiente educativa e socializadora. Son máis dunha veintena de rapaces e rapazas de Boqueixón as que este ano comezarán a competir



a nivel autonómico e nacional, polo que este torneo serviralles para perder os nervios e desfrutar da competición.

“Entroido en igualdade”, para conciliar a vida laboral e familiar

O Concello de Boqueixón, en colaboración co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o Ministerio de Igualdade, organiza “Entroido en igualdade. O mundo ao revés”, unha actividade gratuíta de conciliación familiar que terá lugar no CPI Antonio Orza Couto o 28 de febreiro e o 2 de marzo, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Dirixido a nenos/as en idade escolar, de 3 a 12 anos, as inscricións poden formalizarse no Departamento de Cultura (981 513 061) ou cim@boqueixon.com. Prazas limitadas.

Esta actividade utiliza xos



gos de rol, improvisación e customización de disfraces para que os nenos e nenas participantes consigan desmitificar os disfraces asignados aos roles de xénero.



Os nenos e nenas de Boqueixón desfrutaron dos Reis Magos

Unhas 150 persoas desfrutaron da recepción dos Reis Magos, que tivo lugar na Casa da Cultura de Camporrapado baixo todos os protocolos anticovid. Previamente

tivo lugar o divertido espectáculo “Os tres porquiños” e o tradicional sorteo de agasallos, en colaboración con SBC Gasolineras.

AXENDA DO MES DE FEBREIRO

Viernes
11

Educación en familia

CPI Antonio Orza Couto. De 16:00 a 18:00 h. Como poñer límites sen necesidade de castigos ou premios. Inscricións cultura@boqueixon.com.

Viernes
25

Educación en familia

CPI Antonio Orza Couto. De 16:00 a 18:00 h. Celos, pelexas, bullying... ferramentas prácticas. Inscricións cultura@boqueixon.com.

Luns
28

Entroido en Igualdade O mundo ao revés

CPI Antonio Orza Couto. De 9:00 a 14:00 h. De balde. Inscricións no Dpto de Cultura ou cim@boqueixon.com.

Mércores
2

... e en marzo

Entroido en Igualdade O mundo ao revés

TODOS
OS
VENRES

Tardes pola Igualdade

CPI Antonio Orza Couto. De 16:30 a 17:30 h. De balde. Teatro e actuacións en igualdade para Infantil e Primaria. Inscricións Dpto de Cultura e cim@boqueixon.com.

Sábado
5

I Campionato Interclub de Judo

Pavillón municipal do Forte. De 10:00 a 14:00 h.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com

Dpto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com